



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOUS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000018

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día dous de xuño de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os concelleiros da Xunta de Goberno Local: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa. Non acude excusando a asistencia, dona Jessica Sabín Fernández; para os efectos de celebrar a sesión ordinaria correspondente e convocada para este día. Actúa coma secretaria a que o é da Corporación, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS: 19.05.22 – 26.05.22.-

O sr. alcalde pregúntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións ditas, quedan aprobadas sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (votación ordinaria dos membros asistentes ás sesións, e aprobadas por unanimidade).

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/16.-

A secretaria presenta as facturas a aprobar, a proposta de acordo con respecto a este punto que de seguido se transcribe e o informe de intervención, documentos que constan asinados no correspondente expediente.

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000057

PROCEDEMENTO: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 3/2022

PROPOSTA DE ACORDO DA XGL:

“Resultando que por parte da Intervención Municipal emitíuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 3/2022 (EMP 48/2022) con data 30/05/2022 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI relativo ao gasto seguinte:

Órgano xestor	Exercicio	Aplicación	Terceiro	Importe
---------------	-----------	------------	----------	---------

Alcaldía	2022	334-22799	Ciamaria Música SA	3.256,00 €
Obxecto do gasto	Data de realización	Natureza Xurídica		
Clases de batería/clases de piano/clases de guitarra/clases de canto/clases de música e movemento	Data da factura 30/04/2022	Contrato de servizos		

Resultando que o informe emitido pola Interventora remitiuse ao Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 30/05/2022 o seguinte:

“(…)

• **PRIMEIRO.-** En data 30/05/2022, instouse a este Servizo o inicio de expediente de omisión da función interventora nº 3/2022.

• **SEGUNDA.-** Tal e como consta no comunicación de Omisión da Función Interventora remitido a este Servizo, sobre a aprobación da factura núm. A37 de data 30/04/2022 de Ciamaria Música S.C., CIF: J70347737, por importe de 3.256,00 € (nº rexistro da factura en contabilidade 2022/1086 de 03/05/2022), incluída na relación de facturas F/2022/16 non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.

A presente factura foi conformada pola Concelleira Delegada de área tras comprobar que o servizo fora prestado efectivamente e o expresado na factura correspóndese en servizo e prezo co pactado. Con data 08/08/2019, a Xunta de Goberno Local procedeu a prorrogar o contrato con Ciamaria polos cursos 2019/2020 e 2021/2021, prorroga que a data de hoxe está expirada. Sen embargo, esta Alcaldía considera esta situación como temporal dado que, no momento actual, esatse a tramitar o procedemento de licitación do Servizo da Escola de Música do Concello de Valdoviño (expte. admitivo núm. 2021/C004/000031) e no que xa constan ofertas presentadas polos licitadores. Dito procedemento demorouse máis do que sería recomendable debido a carga de traballo do departamento de contratación. Non obstante, mentras dito expediente se tramitaba o servizo non podía deixar de prestarse, considerando que había alumnos inscritos para o curso 2021/2022 e que non podían sufrir as demoras na contratación por parte da Administración.

• **TERCEIRA.-** Tal e como consta na comunicación de Omisión da Función Interventora 3/2022 remitida a esta Alcaldía, en relación coa factura núm. A37 de data 30/04/2022 de Ciamaria Música S.C., CIF: J70347737, por importe de 3.256,00 € (nº rexistro da factura en contabilidade 2022/1086 de 03/05/2022), incluída na relación de facturas F/2022/16, do que deriva que non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.

A Alcaldía si tivo constancia da factura, e si constatou a prestación referida da que deriva esta obriga de pago e que o prezo se axusta ao de mercado.

• **CUARTA.-** Este servizo non considera oportuno facer novas observacións o referido informe de Omisión da Función Interventora.

(...)”

Resultando que o Informe da Interventora expresamente dispón que se o Órgano Xestor manifesta que as prestacións se axustan ao prezo de mercado non é necesario instar a revisión do acto, sendo suficiente que a Xunta de Goberno Local resolva sobre a aprobación da obriga polo importe do gasto.

Considerando que a non aprobación da nº A37 de data 30/04/2022 de Ciamaria Música S.C., CIF: J70347737, por importe de 3.256,00 € (nº rexistro da factura en contabilidade 2022/1086 de 03/05/2022), incluída na relación de facturas F/2022/16), produciría un trastorno grave na actividade municipal que prexudicaría enormemente os intereses xerais do municipio, dado que se podería considerar que se produciría un enriquecemento inxusto da Administración, e en caso de non proceder ao pagamento do gasto indicado, con toda seguridade o perxudicado dirixiríase aos tribunais cumprindo cos criterios que a xurisprudencia esixe para o enriquecemento inxusto.

A condena ao pagamento a cargo do Concello incluíría ademáis as custas procesais e os xuros de demora.

Dado que se constatou a prestación do servizo mediante a nº A37 de data 30/04/2022 de Ciamaria Música S.C., CIF: J70347737, por importe de 3.256,00 € conformada polo Concelleira delegada de área e que o prezo se axusta ao de mercado.

E comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto. Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. Polo que se expuxo,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- aprobar a relación de facturas nº F/2022/16, e que comenza pola factura nº A37 de data 30/04/2022 de Ciamaria Música S.C., CIF: J70347737, por importe de 3.256,00 € e remata pola factura nº 2022/1012 de data 30/04/2022 de Sogama S.A., por importe de 17.245,40 €.

SEGUNDO.-Ordear o pago do gasto mencionado no punto anterior, por importe bruto de 49.031,35 euros. **TERCEIRO**.- Trasladar o presente acordo ao Órgano Xestor, á Intervención, á Tesourería Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos, e o Pleno na primeira sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Asdo.- Alberto González Fernández Alcalde do Concello de Valdoviño.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

3º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 5 E FINAL DA OBRA DE AGADER 2021: “REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE LAGOA, LANZÓS E CORVAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO”.-

-
PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Proposta de aprobación da certificación da obra n.º 5 e final do Proxecto Reforzo de rodadura nos camiños de Lagoa, Lanzós e Corval do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra en data 4 de febreiro do 2022.

A devandita certificación n.º 5 e final do Proxecto Reforzo de rodadura nos camiños de Lagoa, Lanzós e Corval foi inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño o 8 de febreiro do 2022 (20229990000150) e a correspondente factura foi presentada telemáticamente na mesma data pola empresa adxudicataria Excavaciones Saavedra y López S.L. con C.I.F. núm. B15164106 por importe de 10.012,88 €.

Debe deixarse constancia que as certificacións de obra n.º 2 a 4 do citado proxecto, correspondentes a os períodos de outubro a decembro do 2021 foron presentadas ante o Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 8 de febreiro do 2022 por importe cero.

Visto o Informe núm. EMP 44/2022 emitido pola Intervención municipal en data 26 de maio do 2022 cuxo resultado de fiscalización reflexa observacións en relación ao prazo de execución e a intervención material da inversión.

En virtude do enunciado esta Alcaldía PROPÓN a adopción do seguinte acordo;

Primeiro.- Aprobar a certificación n.º 5 e final do Proxecto Reforzo de rodadura nos camiños de Lagoa, Lanzós e Corval do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número A 2022/A/2022010 do 8 de febreiro 2022 con número de rexistro contable F/2022/326, emitida por Excavaciones Saavedra y López con C.I.F. núm. B15164106 por importe de 10.012,88 €

Segundo.- Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 5 e final do Proxecto Reforzo de rodadura nos camiños de Lagoa, Lanzós e Corval do Concello de Valdoviño deberán descontárselle 275,64 € pola dirección e inspección de obra e 91,88 € respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Terceiro.- Aos efectos da toma de razón do endoso da factura emitida por Excavaciones Saavedra y López S.L. con C.I.F. núm. B15164106 correspondente á Certificación n.º 5 e final da obra denominada Reforzo de rodadura nos camiños de Lagoa, Lanzós e Corval do Concello de Valdoviño segundo a solicitude de endoso presentada en data 8 de febreiro do

2022 e tal e como consta expresamente no propio rexistro contable F/2022/326, foi remitida á Tesourería municipal a documentación achegada para verificar a adecuada presentación da mesma e proceder ao abono da factura número A 2022/A/2022010 a favor do endosatrio Banco Sabadell S.A. con C.I.F. núm. A080000143 unha vez que consta presentada toda a documentación preceptiva para a tramitación do endoso.

Proposta asinada dixitalmente polo Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos 5 membros que a compoñen), acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

4º.-CONCESIÓN DE ANTICIPO REINTEGRABLE A FUNCIONARIO.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“CONCESIÓN DE ANTICIPO REINTEGRABLE A PERSOAL FUNCIONARIO SEGUNDO ACORDO REGULADOR

Vista a solicitude presentada por D. Ricardo Dopico Embade en data 30/05/2022, funcionario do Concello de Valdoviño, no que solicita a concesión dun anticipo reintegrable de sete mil euros a devolver en trinta e tres mensualidades, trasládase a documentación indicada á Intervención Municipal e solicítase verbalmente que emita informe de fiscalización da previa.

Dando constancia do indicado da conta da existencia de crédito adecuado e suficiente dispoñibles na aplicación 920 830 00, propónse:

PRIMEIRO: Conceder un anticipo de 7.000,00 € (*importe correspondente a 3,15 mensualidades dos seus haberes totales brutos*) a don Ricardo Dopico Embade, de acordo co establecido no artigo 20 do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios e funcionarias do Concello de Valdoviño, a devolver en 33 mensualidades.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O Alcalde;
Ado; Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

5º.-- CONTRATO DE ALUGUER DE LOCAL SITO EN PORTA DO SOL-VALDOVIÑO .-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

Considerando as obras de reforma a executar no Centro Sociocomunitario do Concello de Valdoviño, no que na actualidade sitúase o Xuzgado de Paz, faise necesario o seu traslado a

outro inmueble próximo que reúna as condicións necesarias para o servizo, mentres duren as obras de reforma.

Habéndose atopado un local adecuado no Concello de Valdoviño, esta Alcaldía en uso das atribucións do artigo 21 da Lei 7/1985 reguladora do Réxime local e demais disposicións en vigor, **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Autorizar ao Alcalde a asinar o contrato de arrendamento de local sito na PORTA DO SOL-20 Baixo polo importe de 450 euros mensuais e por un período inicial de DOCE meses, período sinalado para a execución das obras de reforma do Centro Sociocomunitario.

“CONTRATO DE ARRENDAMIENTO DE LOCAL

En Valdoviño, a de xuño de 2022

REUNIDOS

De una parte, D^a [REDACTED] mayor de edad, con [REDACTED] y con domicilio a efecto de notificaciones en Valdoviño, [REDACTED]

De otra parte, D. Alberto Fernández González, mayor de edad, con [REDACTED] y con domicilio a efecto de notificaciones en el municipio de Valdoviño, Casa Consistorial, Puerta del Sol, s/n. C.P: 15552.

INTERVIENEN

D^a, Isabel González Vergara en su propio nombre y derecho, como parte arrendadora.

D. Alberto Fernández González en nombre y representación del Ayuntamiento de Valdoviño de conformidad con el artículo 21.1.b) de la Ley Reguladora da las Bases del régimen Local de 2 de abril de 1985 y concordante de la Ley 5/1997, de 22 de julio de Administración Local de Galicia, como parte arrendataria; y especialmente facultado para el presente acto por acuerdo de la Xunta Local de Gobierno de fecha 11 de febrero de 2021.

Todas las partes se reconocen con la capacidad legal necesaria para formular el presente Contrato de Arrendamiento y en su virtud

EXPONEN

PRIMERO. - *Que la parte arrendadora es propietaria en pleno dominio de un local ubicado en PORTA DO SOL, 20 Bajo, del municipio de Valdoviño, cuya superficie y composición, así como demás características son perfectamente conocidas por los intervinientes.*

SEGUNDO. - *Que interesando a la parte arrendataria tomar en arrendamiento el local descrito en el expositivo primero (en adelante, “el inmueble”) y, estando la parte arrendadora interesada en arrendárselo, ésta lo ofrece y aquella lo acepta, y ambas partes convienen en celebrar el presente contrato de arrendamiento regido por las siguientes*

ESTIPULACIONES

PRIMERA. - OBJETO Y DESTINO.

Por medio del presente contrato, la parte arrendadora arrienda a la parte arrendataria el inmueble, quien lo acepta en las condiciones pactadas en este documento.

El inmueble se arrienda como cuerpo cierto, por lo que la posible discrepancia entre la superficie real y la que se hubiera establecido en este contrato no afectará en más o en menos a la renta fijada en este documento.

La parte arrendataria se obliga a utilizar el inmueble arrendado como Juzgado de Paz de Valdoviño, no pudiéndose variar dicho uso sin consentimiento escrito de la parte arrendadora. El incumplimiento de este precepto será motivo de resolución del contrato.

El local se pone a disposición de la parte arrendataria en el momento de la firma del presente contrato, manifestando ésta conocer el estado del mismo y recibirlo en un estado adecuado al fin al que se destina.

SEGUNDA. - DURACIÓN Y PRÓRROGAS. *El arrendamiento se pacta por un plazo inicial de DOCE meses, periodo señalado para la ejecución de las obras de reforma del Centro Socio comunitario en el que en la actualidad se sitúa el Juzgado de Paz y por causa de ello es necesario su traslado al inmueble objeto de arrendamiento. Llegado el día del vencimiento de dicho plazo y en el caso de que las citadas obras no se hayan finalizado, éste se prorrogará tácitamente por plazos mensuales, salvo que el arrendatario manifieste de forma expresa, con treinta días de antelación como mínimo a la fecha de terminación de cualquiera de las prórrogas, su voluntad de no renovarlo.*

TERCERA. *- Una vez haya transcurrido el plazo de duración del contrato y, en su caso, de la prórroga legal correspondiente, el arrendatario deberá dejar a disposición del arrendador la totalidad del inmueble cuyo uso se cede en este contrato en el mismo buen estado en que la recibió, exceptuando el desgaste que un uso normal de la vivienda pueda ocasionar por el paso del tiempo. Y ello sin necesidad de ningún requerimiento expreso dirigido al arrendador. Todo ello, salvo que las partes en su momento, lleguen a un acuerdo en cuanto a la formalización de un nuevo contrato de arrendamiento.*

CUARTA. - RENTA Y ACTUALIZACIÓN DE RENTA. *El arrendatario abonará al arrendador, en concepto de renta, la cantidad de 450 euros mensuales, a pagar por mensualidades anticipadas de 450 euros cada una dentro de los cinco primeros días de cada mes, mediante ingreso o transferencia bancaria en el número de cuenta XXXXXXXXXXXXXXXX La renta pactada será incrementada con el Impuesto sobre el Valor Añadido (IVA) vigente en cada momento.*

El arrendatario deberá abonar asimismo a la Agencia Tributaria (u organismo que lo sustituya) el porcentaje de retención vigente en cada período de facturación en concepto de impuesto sobre la renta de las personas físicas, porcentaje que se descontará en los recibos mensuales, debiendo presentar a los arrendadores al final de año, certificado acreditativo de las retenciones efectuadas.

QUINTA. - NORMAS DE CONVIVENCIA. *La parte arrendataria se someterá durante toda la vigencia del contrato a las normas de la comunidad de propietarios, especialmente las relativas a la convivencia.*

SEXTA. - CESIÓN Y SUBARRIENDO. *El inmueble no se podrá ceder ni subarrendar de forma parcial ni total por el arrendatario sin previo consentimiento por escrito del arrendador. El incumplimiento de esta cláusula será causa de resolución del contrato.*

SEPTIMA. - TANTEO Y RETRACTO. La parte arrendataria renuncia expresamente a los derechos de tanteo y retracto sobre la vivienda.

OCTAVA. - FIANZA. No se constituye fianza.

NOVENA. - GARANTÍAS ADICIONALES. - Las partes acuerdan no aportar garantías adicionales a la fianza legal mencionada en la estipulación anterior.

DÉCIMA. - DOMICILIO A EFECTO DE NOTIFICACIONES. Las partes fijan como domicilio a efectos de las notificaciones derivadas de la relación contractual el que figura para cada uno de ellos en el encabezamiento del contrato. Deberán notificarse mutuamente una parte a la otra cualquier cambio que quieran realizar en este sentido.

DÉCIMO PRIMERO. - LEGISLACIÓN APLICABLE. La presente relación se regirá por el siguiente orden de prelación: de forma imperativa por los títulos I y IV de la Ley 29/1.994, de 24 de noviembre, de Arrendamientos Urbanos (LAU); por los pactos, cláusulas y condiciones determinados por la voluntad de las partes en el marco de lo establecido en el título II LAU; y supletoriamente por lo dispuesto en el Código Civil.

DÉCIMO SEGUNDO. - SUMISIÓN. Los contratantes se someten expresamente a los Juzgados y Tribunales de Ferrol, para todas aquellas cuestiones litigiosas que pudieran derivarse del mismo.

Y con el carácter expresado en la intervención, firman el presente contrato en el lugar y fecha indicados.

ARRENDADOR

ARRENDATARIO”

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, decidirá o que estime máis convinte.

Valdoviño, a de 31 de maio de 2022

O alcalde:

Asdo. Alberto González Fernández”

Aprobase a anterior proposta de Alcaldía e polo tanto o aluguer de local nos términos descritos no borrador de contrato pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros asistentes á sesión. Dése conta aos servicios económicos municipais e notificase á arrendadora.

PARTE ACTIVIDADE

6º.- DAR CONTA DE ESCRITO DE JOSÉ ANTONIO ALONSO RODRÍGUEZ EN RELACIÓN Á OBRA: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN OBRAS EN FACHADA E CARPINTERÍAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de escrito do director das obras do proxecto: Proxecto básico e de execución obras en fachada e carpinterías en Centro de Saúde de Valdoviño”, poñendo en coñecemento do Concello que transcurrido o prazo de tempo para a execución das

obras éstas aínda non comezaron, pese a ter mantidos algúns contactos e reunións co adxudicatario.

A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento e acorda REQUERIR ao adxudicatario das obras Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A, para que no prazo de cinco días dende o seguinte ao percibo do escrito explique os motivos de non cumprimento indicándolle que o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

O Concello poderá adoptar as medidas que considere convinte e acordes coa Lei e pregos que rexen a contratación visto o incumprimento da obriga principal do contrato, que non lle consta xustificada.

7º.- DAR CONTA DE ESCRITO DE EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA EN RELACIÓN Á OBRA: “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN OBRAS EN FACHADA E CARPINTERÍAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO”.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de escrito entrada 20229990000731 de 26.05.22, de Eulogio Viñal Iglesias en representación da empresa “Eulogio Viñal Obras y Cosntrucciones SA” no que solicita a actualización de prezos en relación á obra “Proxecto básico e de execución obras en fachada e carpinterías en Centro de Saúde de Valdoviño.

A Xunta de Goberno Local toma razón do escrito, acordando pase a estudio da secretaría e da intervención municipal dito escrito para emisión do correspondente informe.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/